

# SOBRE AS PERÍFRASES VERBAIS EN GALEGO (DO SÉCULO XIX Á ACTUALIDADE)\*

Xosé Ramón Freixeiro Mato  
Universidade da Coruña

## 1. Introdución

Existen na lingua construcións compostas por un verbo en forma finita e outro en forma non finita (infinitivo, xerundio ou participio) que dan orixe a complexos verbais con dous verbos como base. Uns conservan a súa propia significación diferenciada e outros teñen unha significación conxunta; neste segundo caso é cando falamos de perífrase verbal (PV)<sup>1</sup>. Esta diferenza entre PV e complexo verbal non perifrástico garda certo paralelismo coa que se dá entre palabra composta e sintagma libre: *augardente* non significa “auga” + “ardente” como no caso de *auga quente*; así, Barroso (1994: 58) afirma que o significado funcional (gramatical) dunha PV “não deriva da soma dos significados de cada um, tomados individualmente, mas da conjunção dos dois, globalmente considerados”, de forma que a PV “compara-se ao ‘sintagma fixo’, porque significa un conceito simple, e ao ‘sintagma libre’, visto que apresenta em comum a sua natureza morfo-sintáctica evidenciada na autonomía morfológica dos seus termos”.

A significación conxunta conséguese através da gramaticalización do primeiro elemento da PV, que se afasta do significado que ten como verbo inde-

\* Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación *A formación da lingua literaria galega no século XIX* subsidiado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galiza.

<sup>1</sup> Para unha revisión da terminoloxía utilizada (*voz* en Lenz ou Carballo Calero, *frase verbal* en Seco, Gili Gaya, Barrenechea ou Manacorda), véxase Rojo (1974: 26-27), quen considera que a denominación que mellor se axusta ao fenómeno é a de “perífrase verbal”, xa consolidada nos estudos lingüísticos galegos (Santamarina 1974: 139, Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 404, Costa / González / Morán / Rábade 1988: 222); por outra parte, no ámbito luso-brasileiro Vázquez Cuesta / Mendes da Luz (1971, II: 86, 213) falan de “conjugación perifrásica” e “formas perifrásicas”, Matoso Câmara (1989: 143) de “conxugações compostas, ou perifrásicas” e Barroso (1994: 55) de “perífrases verbais”.

pendente para se integrar nas características semánticas do conxunto tras un proceso de debilitamento e perda do significado propio até se converter nun índice gramatical, como explica Rojo (1974: 28), quen precisa que dentro dos usos considerados auxiliares existe unha gradación relacionada coas características semánticas da forma auxiliada, de modo que “entre *botar a rolar*, *botar a andar* y *botar a chorar*, por exemplo, parece evidente que, en el primer caso, el auxiliar conserva su contenido semántico propio en mayor medida que en el tercero”. É a existencia dese proceso de grammaticalización o que fai posíbel a adquisición dun valor conxunto para toda a construcción perifrástica. Mais, para alén da unidade semántica, as PVs diferéncianse do resto dos complexos verbais por apresentaren un comportamento sintáctico unitario, que se manifesta na adopción dunha estrutura de verbo en forma persoal + infinitivo, xerundio ou participio e nun funcionamento en bloque perante a transformación interrogativa e pasiva. O complexo verbal ten significación disxunta, as transformacións pasiva e interrogativa actúan unicamente sobre un dos membros que o integran e non aparece necesariamente unha forma infinita como segundo elemento.

Se os complexos verbais son en xeral fenómenos sintácticos que no caso das PVs se converten nun recurso morfolóxico máis ou menos fixado segundo as construcións, isto lévanos a considerar o verbo auxiliar como máis un morfema pertencente á clase dos verbos con capacidade de expresión modo-temporal e número-persoal. Neste sentido, as PVs son recursos morfolóxicos que, aínda non totalmente integrados no sistema conxugacional, ocupan unha posición moi próxima das formas do paradigma verbal e posibilitan a expresión das modificacións da idea central que non poden ser conseguidas mediante a conxugación verbal en sentido estrito; isto é, as PVs amplían as posibilidades de matización do lexema verbal que non achan expresión dentro do marco conxugacional. Desta forma, o sistema perifrástico é unha especie de paraconxugación que serve para expresar unha serie de valores que non poden ser cumpridamente resaltados por procedimentos conxugativos, enchendo así un baleiro existente na conxugación, segundo puxeron en relevo tanto Rojo (1974: 68) como Santamarina (1974: 139).

As PVs, como unha clase especial dos complexos verbais, son secuencias constituídas por dúas formas verbais, unha como verbo auxiliar en forma finita e outra como verbo auxiliado en infinitivo, xerundio ou participio, que se achan en tal relación de interdependencia que constitúen unha unidade de carácter sintáctico e semántico. Costa / González / Morán / Rábade (1988: 222), porén, restrinxen dunha maneira talvez non suficientemente matizada o catálogo das PVs ao excluíren os casos de *andar*, *estar* e *levar a + infinitivo* ou *xerundio*, *acabar* ou *rematar de + infinitivo* e *tornar*, *voltar* ou *volver a + infinitivo* polo feito de o segundo constituínte poder ser substituído por un subs-

tantivo (*anda a berrar = anda aos berros, acaba de traballar = acaba o traballo, volve a traballar = volve ao traballo*). A idea préstase a algunas confusións: *Anda a falar mal de ti* (que non consideran PV) = \**Anda á fala negativa de ti* (?) / *Botouse a rir* (que consideran PV) = *Boutouse ao riso* (?) ou *Deu en beber* (PV) = *Deuse á bebida, Deu na bebida* (?). O decisivo semella ser esa unidade sintáctico-semántica, co conseguinte proceso, máis ou menos avanzado, de grammaticalización do verbo auxiliar: *Xoán andou a falar mal de ti os sete meses que estivo encamado*. Este criterio de comportamento sintáctico unitario e significación conxunta é o que define as PVs frente a outras secuencias verbais, por riba mesmo dos constituíntes morfolóxicos.

O sistema verbal galego caracterízase por posuér un reducido número de formas conxugacionais, feito que concede maior importancia ao seu variado e rico sistema perifrástico, xa moi presente na lingua desde a época medieval, como afirma Oro (1991), quen inicia o estudio da documentación correspondente ao convento de Santo Domingos de Viveiro nos dous últimos séculos da Idade Media chamando a atención para a importancia das PVs.

Segundo o criterio significativo, isto é, de acordo co valor verbal expresado (aspecto, temporalidade ou modalidade da acción), as PVs clasífcanse en temporais, aspectuais e modais; por súa vez, as aspectuais poden ser incoativas, imperfectivas, perfectivas, reiterativas e terminativas; e as modais, obrigatorias e hipotéticas. Existe a posibilidade de acumulación de auxiliares, con incidencia duns sobre outros, para constituíren PVs complexas en que se amalgaman dous ou os tres valores indicados, sempre suxeitos á orde seguinte: temporal + modal + aspectual<sup>2</sup> (*Vas ter que te pór a traballar*): *E non hay que poñerse a renegarse* (AGG 51). A seguir, farase un repaso polos principais tipos de PVs de acordo con esta clasificación semántica, na procura de certas particularidades, algunas producidas por interferencia castelá, presentes xa nos textos literarios decimonónicos.

## 2. Consideracións a respeito das perífrases temporais

Todas as PVs temporais existentes en galego indican posterioridade a respeito dun determinado punto de orixe. A expresión da futuridade foi evo-

<sup>2</sup> A tal acumulación de auxiliares Rojo (1974: 72-74) chámalle *sobreauxiliación* e aos tres valores citados engade en último lugar o diatético, por considerar a existencia de PVs pasivas: *Ha ter que volver a ser feito* (temporal + modal + aspectual + diatético). Sobre a complejidade da caracterización da auxiliaridade e da delimitación dos auxiliares, véxase Rojo (1974: 27-54), Santamarina (1974: 139), pola súa parte, afirma que os verbos auxiliares poden ser permanentemente auxiliares (*haber, ser, estar*) ou baleirárense ocasionalmente do seu significado habitual para se converteren “en un mero utensilio gramatical”. Véxanse tamén os criterios de delimitación dos auxiliares en Barroso (1994: 61-65). É de interese para o conceito de verbo auxiliar e de locución verbal E. Pontes (1973).

luindo desde o latín clásico (véxase Rojo 1974: 75-78), mais debemos ter en conta que o futuro sintético galego xa é resultado da evolución romance dunha PV latina (*amare habeo*, *amare habes*), logo evoluída a unha forma novamente sintética (*amarei*, *amarás*) con perda do matiz obrigativo inicial (Ferreiro 1999: 301), o que deu pé para novas formacións perifrásticas en que este e outros matices fosen recuperados e con eles se fixese novamente patente a intencionalidade do falante con relación á acción, a se repetir así o proceso levado a cabo anteriormente no latín. Estas PVs de futuridade no galego moderno teñen unha alta frecuencia de uso. Rojo (1974: 85-86), a se basear na análise dalgúns textos galegos modernos, tira en conclusión que o futuro sintético non é excesivamente utilizado (só na obra teatral de Castelao achou que a porcentaxe superaba lixeiramente o 50%), encanto que a PV *ir + infinitivo* posúe unha notable frecuencia de uso e *haber (de) + infinitivo* aumenta a súa presenza na medida en que a lingua se aproxima máis da realidade falada e se fai menos literaria.

Vemos, pois, que os meios de expresión da categoría de futuro en galego, en sintonía co que acontece nas demais linguas romances, están en constante renovación, pois cando unha fórmula se desgasta semanticamente polo seu uso frecuente é substituída por outra con maior carga intencional. Neste sentido, actualmente o galego apresenta unha serie de PVs que poden indicar ben futuridade en xeral ou futuridade inmediata, sempre co infinitivo como forma auxiliada, pois é este, coa súa máxima tensión, o que ofrece unha perspectiva de realización futura (Alarcos 1984: 105). Entre as PVs que expresan futuridade en xeral está *ir + infinitivo*, que ten na actualidade maior frecuencia de uso do que o futuro, fundamentalmente na lingua falada (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 405; Rojo 1974: 91) e indica maioritariamente intencionalidade (Santamarina 1974: 146); xa estaba moi presente nos textos decimónicos: *voulle amostrar unhas gorriñas novas* (MA 38); *¡Vou morrer e non vén o meu ben!* (AMT 83). O galego distingue entre a perifrásis temporal de futuridade *ir + infinitivo* e a perifrásis aspectual imperfectiva *ir a + infinitivo* (*Ía ler* / *Ía a ler cando se produciu o accidente*), tal como acontece en portugués. Mais a interferencia do castelán fixo posíbel tamén a aparición dun *a* como elemento de relación no primeiro caso, tanto na lingua escrita anterior ao actual período de estandarización do idioma como na lingua falada; tal castelanismo estaba plenamente instalado na lingua do XIX, onde alterna coa construcción autóctona: *A nora que vas a traguér [...]* / *o curato vas comer* (AC 116); *Con Técola vou facer* / *un casamento cagado* (AC 127); *Ti vas a ser un cornudo* (AC 129); *porque vai á ridimirse á Israel* (COM 74); o Verbo Divino *á naser vay* / *quedando sempre Virxen á sua nay* (COM 75).

Este uso de *a* como elemento de enlace é considerado como incorrecto e por tanto non contemplado pola gramática (Álvarez / Regueira / Monteagudo

1986: 405, Costa / González / Morán / Rábade 1988: 227 e Freixeiro 2000: 439; tamén Hermida 1998: 622). Para Rojo (1974: 89, 91) o uso de *a* é un castelanismo salvo se os dous verbos van distanciados, caso en que considera “corriente la construcción con preposición”. Para Santamarina (1974: 147), aínda que o máis frecuente é que aparezan os dous verbos sen nexo prepositivo, podería “admitirse de todos modos, sin violencia, la preposición en algunos casos”. Porén, Valladares (1970: 108) xa indicaba a fins do XIX que ás veces se suprimía o *a* indebidamente en casos como *vóu ver quèn chama*, o que ratifica o avance do proceso de interferencia. Por outra parte, en portugués Vázquez Cuesta / Mendes da Luz (1971, II: 89) falan de *ir + infinitivo* con valor de futuro, mais engaden que con “el presente, imperfecto y futuro imperfecto del verbo *ir* y un infinitivo precedido de *a* o *para* se expresa una acción apenas iniciada”, pondo exemplos como *Já ia a ir-me embora quando a vi* e *Vou a sair quando ouço o telefone*. Ora ben, como norma xeral no sistema lingüístico galego-portugués a PV de futuridade con *ir* e infinitivo non leva preposición, debéndose considerar o seu uso no caso galego como un caso de interferencia do castelán.

Outra PV de futuridade moi habitual en galego e con grande frecuencia de uso nos textos do século XIX é *haber + infinitivo*. A variante desta mesma PV con *de* como elemento de enlace (*ha vir / ha de vir*) ten así mesmo grande frecuencia de uso e os seus mesmos valores (Rojo 1974: 96), pasando tamén da expresión de obligatoriedade á de futuridade e a resultar igualmente difícil en ocasións diferenciarmos ambos: *¡Alma que te ha de cobar, / puta que te ha de parir!* (AC 119); *asmas de jardar como bo pastor* (COM 80); *¿Como m'hei d'ir si te quero? / ¿Como m'hei d'ir e deixarte?* (FN 29); *hei facer unha cancela* (CPG II, 166); nos exemplos que nos fornecen os textos decimonónicos semellan predominar os casos coa preposición de enlace: *Eu hei d'ir, eu hei de vir, / hei de vir, hei de tornar: / eu hei d'ir, eu hei de vir, / e d'unha t'hei de levar* (CPG III, 16); -*¿Qu'hei de ter? Deita eses nenos* (FN 187). Co verbo auxiliar en pretérito esta PV pasa a indicar acción que estivo a punto de se realizar no pasado, mais que non chegou a ocorrer: *pillache unb'enfermedá / que t'houbo levar á cova* (AMT 118).

Para a expresión de futuridade inmediata existe a PV *estar a / para + infinitivo*, que indica acción a punto de suceder: *Xâ estiven o outro dia / a decirlle o que lle quero* (AC 130).

### 3. Algunhas particularidades das principais perífrases aspectuais

De entre os medios de que o galego dispón para a expresión do aspecto, o

procedimento perifrástico é o que representa o máis alto grau de sistematicidade pola función instrumental desempeñada polo verbo auxiliar, capaz de simultanear as funcións gramaticais de tempo, modo, voz, persoa e número e de el propio funcionar como un morfema do paradigma verbal que modifica a acción expresada polo verbo conceptual a que vai unido. Barroso (1994: 55) entende o conxunto sintagmático *verbo auxiliar + verbo auxiliado*, con ou sen preposición de enlace, como “uma unidade paradigmática que se opõe às respectivas formas simples que caracterizam a conjugación fundamental”; e acrecenta que a chamada conxugación perifrástica “veio suprir, de forma inequívoca, a deficiéncia das formas verbais simples no tocante à expressão de certas modalidades (diatéticas, temporais, modais e sobretodo aspectuais) do verbo português, em particular, e do verbo románico, em geral, demonstrando também a tendéncia analítica, tão característica das línguas românicas, da flexão verbal, principalmente no que diz respeito à expressão da categoria aspecto”. As PVs aspectuais poden indicar aspecto incoativo, imperfectivo, perfectivo, reiterativo ou terminativo.

Entre as PVs incoativas débense incluír aquelas en que o verbo auxiliar posúe por si propio valor incoativo (*comezar, principiar, empezar a + infinitivo*) por a construción manter os criterios de unidade sintáctica e semántica, para alén de *botar(se) a + infinitivo*, *pórse (poñerse) a + infinitivo*, *dar en + infinitivo*, *tirar a + infinitivo* ou *romper a + infinitivo*, todas elas moi presentes nos textos decimonónicos: *jinda empezo hoxe á pasar!* (CPG II, 168); *A probe da formiga botoou a andar lixeira* (AMT 172); *puxouse a chorar tamen os seus pecados* (COM 79); *e logo dou en medrar* (AC 129); *din en berrar: -¡Meus amigos!* (AMT 121); *rompo triste a suspirar / por cousas dun mal ausente* (QP 166); *-Eso si, meu compañoiro, tiremos a andar, andar* (CPG I, 92)<sup>3</sup>.

As PVs aspectuais imperfectivas teñen como forma auxiliada un xerundio, forma verbal xa caracterizada polo seu aspecto imperfectivo, ou a construción equivalente *a + infinitivo*, o infinitivo xerundial (Freixeiro 2000b), de procedencia dialectal mais xa incorporado con ese valor ao galego común: Fernández Rei (1991: 104), tras sinalar que a significación da PV con xerundio “é idéntica á que leva preposición *a* e infinitivo”, afirma que esta “ten unha xeografía compacta nos falares pontevedreses do bloque occidental, se ben non é

<sup>3</sup> Cita tamén Rojo (1974: 144) a construción *pasar a + infinitivo*, que só en contadas ocasións se pode converter en PV, con carácter incoativo: *ás carreiriñas me paso / a comer o pan do rei* (AC 121). Así mesmo, *brincar* en moi determinados casos tamén pode funcionar como auxiliar nunha PV incoativa: *Brincou a correr canto puído* (Rojo 1974: 148-149). Un certo matiz incoativo semella existir tamén nas construcións *dispor de + infinitivo* (*Dispuxo de se levantar*) e *ordenar de + infinitivo* (*Ordenou de facer o almorzo*), mais talvez non implican necesariamente o inicio da acción como acontece coas PVs citadas: *xa que bebemos o viño, / ordenemos de pagar* (CPG I, 92).

exclusiva". Rojo (1974: 102) fala do "valor durativo, prácticamente equivalente al del gerundio, que posee en parte de Galicia el sintagma *a + infinitivo*". Como verbos auxiliares as PVs imperfectivas utilizan o verbo de estado *estar*, os verbos de movimiento *andar, ir, vir* ou *levar*, o continuativo *continuar* (e *seguir*) e o atributivo *ser*, único que só forma PV con *a + infinitivo* e non co xerundio.

A PV imperfectiva más habitual é *estar + xerundio / estar a + infinitivo*. Volpato / Pereira (1997) propoñen para estas a denominación de "construções progressivas", coa existencia dun "presente do progressivo" (*está a comer / comendo*), dun "imperfeito do progressivo" (*estava a comer / comendo*), etc.; para estes autores "a localización temporal e a extensão durativa do progresivo devem-se á presenza do verbo *estar*" (p. 343) e afirman tamén que "a diversidade na realización das construções progressivas" no portugués europeu (*estar a + infinitivo*) e no portugués do Brasil (*estar + xerundio*) "sustenta um único valor semántico", acabando por proporen "que seja aferido ao progresivo um *status de tempo verbal*" (p. 345). Canto ao uso do xerundio ou do infinitivo xerundial, o galego está máis próximo da norma brasileira do que da portuguesa, se ben cada vez máis o uso do infinitivo preposicionado está a gañar prestixio na lingua culta (Freixeiro 2000: 961). Este último acentúa máis a imperfectividade da acción, como apontan Vázquez Cuesta / Mendes da Luz (1971, II: 88) e Rojo (1974: 105, 115), quen, tras coincidir coas autoras da gramática portuguesa en que *estar a + infinitivo* designa unha acción más momentánea do que o presente de Indicativo e que ese é tamén en galego o valor máis frecuente de tal construcción, afirma que con *a + infinitivo* "puede hablarse de un recargamiento de la imperfectividad frente a la más general construcción con gerundio", sendo para el este o motivo de que apareza con tanta frecuencia na literatura, xuntamente co feito de esta construcción non existir en castelán (p. 115); este mesmo autor cita exemplos literarios en que *estar a + infinitivo* expresa unha acción imperfectiva más estendida no tempo. No século XIX a construcción con xerundio como forma auxiliada era a dominante: *¿Que estás facendo rapáz?* (AC 115); *En si mismo estaba o que xa era /josando na sua jrandesa infinita* (COM 63); *están parolando solos* (AMT 14); *qu'están fervendo n-o pote* (CPG II, 167).

A gramaticalización de *andar* como auxiliar en *andar + xerundio*, e portanto a consolidación da construcción como perifrásica, xa estaba plenamente desenvolvida na época medieval, como demostran os seguintes exemplos (Rojo 1974: 107): *Citola oí andar-se queixando / de que lhi non davan sas quitações* (Afonso X); *Ca mais vos digo que non ha aqui rei nen conde que ja en al ande falando, nen posfaçando senon en esto* (Cronica Troiana); *et que anda nadando en cima da agoa* (General Estoria). No século XIX xa se acham

exemplos do uso da forma preposicionada, ao lado do xerundio: *que andou a ler muito tempo / e non entendeu a carta* (AGG 34); *O piollo e mail-a pulga/landan n-o monte á cavar* (CPG II, 176); *a cinta d'o meu sombreiro / anda n-o mar á nadar* (CPG II, 243); *o cainzo anda gradando / co-as vacas n-a tua leira* (CPG II, 175). Frente á PV imperfectiva con *estar* como auxiliar, de carácter puramente durativo, *andar* implica unha maior actividade no suxeito e en consecuencia fai máis patente a impresión de duración activa (Carballo 1979: 314), apresentando tamén polo xeral unha maior prolongación temporal da acción, de carácter case iterativo.

Canto a *ir + xerundio / ir a + infinitivo*, apesar de dominar neste caso a construcción con xerundio, é tamén posíbel nalgún caso con infinitivo xerundial (Costa / González / Morán / Rábade 1988: 227), diferenciándose da perifrase temporal pola presenza de *a* como elemento de enlace: *Sempre vai a ler no autobús*. Porén, Rojo (1974: 120) non recoñece a existencia da PV imperfectiva *ir a + infinitivo* e Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 410) non a citan ao lado de *ir + xerundio* como outros casos. Tamén Maler (1972: 257), ao tratar do infinitivo xerundial en portugués, afirma que dos auxiliares *estar*, *andar*, *ir*, *vir* habería que descartar os dous últimos para a construcción con *a + infinitivo*, “car on peut dire que la c. p. [conxugación perifrástica] formée avec ces verbes n'a pas changé de ses débuts jusqu'à nos jours, le ger. [xerundio] n'y ayant jamais, ou presque jamais, cédé le pas à l'i.g. [infinitivo xerundial]”; ainda así, en nota cita exemplos tirados da literatura como *Em que vais tu a pensar?* ou *Eu ia a cismar nisto*. De todas as formas non abundan exemplos literarios de *ir a + infinitivo*, e menos no XIX.

A PV *ser a + infinitivo*, singularizada frente ás demais imperfectivas por nunca admitir a construcción con xerundio e polo seu carácter resultativo, é bastante habitual na lingua falada en todo o territorio, apesar do seu menor uso literario; porén, mesmo na obra en castelán de Valle-Inclán se achan exemplos como *Y es siempre a conversar consigo mismo* ou *Eran a me preguntar por mis hijos*, que García de la Torre (1987: 401) intenta explicar “polo afán arcaizante de que dá amosas o escritor”. Xa achamos un exemplo nun vilancico de Nadal do século XVII: *que son tantos a bailare / que cheo vejo o portal* (Freixeiro 1996: 78). E no século XIX tamén se acha rexistrada: *Indo por Oseiro arriba / todos eran á mirar* (CPG II, 221); en Saco Arce (1868: 200) aparece citado e traducido o seguinte exemplo: “O pastor todo era á berrar, el pastor no hacía mas que gritar”.

Polo que respeita ás PVs aspectuais perfectivas, temos de distinguir, en primeiro lugar, entre formas conxugacionais que expresan aspecto perfectivo (*andou, andara*) e formas “paraconxugacionais” (PVs) que teñen como función exclusiva a expresión da perfectividade da acción, independentemente de

que sexa pasada, presente ou de que se vaia desenvolver no futuro. Ora ben, para que unha construcción de verbo en forma conxugacional + participio constitúa verdadeiramente unha PV (isto é, para que forme unha unidade semántica e sintacticamente), o participio debe ficar inmobilizado en masculino singular, pois en caso de adquirir flexión de xénero e/ou número para concordar con outro elemento da cláusula (xeralmente o CD) tal unidade se rompería, para o participio, como máis un adjetivo, pasar a funcionar sintacticamente como un complemento predicativo: *Teño feito moitas tarefas / Teño feitas moitas tarefas*. Santamarina (1974: 153), tras manter que o participio non é máis do que un adjetivo atributivo semellante formal, funcional e semanticamente ao resto dos adjetivos, e totalmente diferente nisto dos infinitivos e xerundios, afirma que o valor do participio como adjetivo “es visible siempre a no ser en aquellos casos en que se ha inmovilizado por completo. Cuando esto sucede ya no podremos seguir considerándolo participio, sino que todo el sintagma, *aux. + part.*, es un tiempo compuesto de la conjugación. En rigor ésta es la única perifrasis que debíamos admitir”. Tamén di que cando o participio concorda co suxeito estamos perante frases verbais atributivas cuxo núcleo é *ser, estar, ir, seguir, andar, verse*, etc., idea sobre que insiste en páxinas sucesivas. Así mesmo, Álvarez / Monteagudo (1994: 17-18) sosteñen que non se debe confundir a PV *ter + participio* “coa construción non perifrásica en que o participio funciona como predicativo do complemento directo e mantén relacións de concordancia con el”.

As PVs perfectivas presentan a acción como un proceso finalizado. Por carecer o sistema verbal galego de tempos compostos que expresen a perfectividade, como acontece nas linguas romances próximas, a lingua xerou unha serie de PVs que cumpren tal finalidade. Deixando á parte o caso anecdotico de Mirás (COM 16-37), que segue disparatadamente o sistema de tempos compostos con *haber* propio do castelán, Saco (1868: 178-181) e Lugrís (1931: 97-98) falan de tempos compostos para se referiren, na realidade, ás PVs, aínda que tamén citan os tempos compostos con *haber* e *ter + participio* (Saco 1868: 88, 92; Lugrís 1931: 41, 97); este último afirma que se debe emplegar o auxiliar *ter*, mais sen desbotar *haber*, se ben sempre “será mais galego o dicirmos: *eu terei amado*, que *eu haberei amado*”. Carballo (1979: 225, 313-317), pola súa parte, fala de voz perifrásica, conxugación perifrásica e voz perfectiva para o caso concreto de *ter + participio*, negando a validez da correspondencia entre os tempos compostos do castelán e esta última construcción, idea compartillada por Rojo (1974: 123) cando di que “no existen ‘tiempos compuestos’ en la conjugación gallega. La perifrasis con *ter* es una construcción destinada a la expresión primordial del aspecto perfectivo con una especial matización reiterativa”.

Xustamente é *ter + participio* unha PV importante en galego, mais sobre a que convén facermos algunas consideracións. En primeiro lugar, non existen tempos compostos con *ter + participio* equivalentes aos tempos simples, de forma que non podemos substituír automaticamente estes por aqueles (*\*teño escrito = escrebín*), pois *escrebín* mantén o valor do latín *scripsi*, entanto que *teño escrito* conserva o valor primario de *habeo scriptum* (Carballo 1979: 315). Esa falsa equivalencia xa se encontra en Saco Arce (1868: 92). Mais Carballo marcou as diferenzas ao afirmar que a “perífrasis *ter ‘tener’* más participio, que corresponde a los tiempos compuestos de la conjugación normal castellana, conserva en gallego su carácter de voz perfectiva”<sup>4</sup>. Alén da expresión de perfectividade, a PV adquire en moitas ocasións un matiz reiterativo ou terminativo que o pretérito non ten, como afirma Rojo (1974: 123): “La perífrasis con *ter* es una construcción destinada a la expresión primordial del aspecto perfectivo con una especial matización reiterativa”.

Por outra parte, o verbo *ter* seguido de participio non sempre constitúe unha auténtica PV. Acontece isto, e en consecuencia estamos perante un complexo verbal non perifrástico, cando o participio concorda co CD do verbo *ter*, que neste caso expresa un idea de mantimento próxima á significación orixinal de posesión, funcionando o participio como un complemento predicativo (Álvarez / Regueira / Monteagudo 1986: 413); Rojo (1974: 129) considera que este é o primeiro paso cara á total gramaticalización do auxiliar e, por conseguinte, cara á conversión do complexo verbal en PV. Para Santa-marina (1974: 161) a comprobación de que *ter + participio* constitúe unha PV vén dada pola immobilización do participio, pois a súa mobilidade fai que cada elemento da construcción conserve ainda vixente algo do seu valor primitivo; neste sentido só considera plenamente fixadas como PVs as do tipo *Teño lido moitos libros* e non *Teño lidos moitos libros*. Xa Lugrís (1931: 98) facía constar tamén que no caso de *ter + participio* “o participio é indeclinable”, dando por válidas *Moitas leiras ten adquirido* ou *Tén feito moitas esmolas*, mais non *Moitas leiras leva adquiridas* ou *Tén feitas moitas esmolas*. Por súa vez, Harre (1991: 154-167), nun estudio comparativo de *ter + participio* en diferentes romances, comeza por afirmar a respeito do galego: “Use of *ter + past participle* in Galician is very similar to use in Portuguese. In both languages *ter + invariant participle* forms a durative / iterative perfect, and *ter + agreeing participle* indicates resultant state” (p. 154); para concluír: “The

<sup>4</sup> Sobre os usos incorrectos de *ter + participio* véxase así mesmo García / Díaz (1991: 60) e Hermida (1998: 622); tamén fai consideracións a respeito do aspecto verbal perfectivo Noia (1998) cando trata da tradución para o galego do “passé simple” e do “passé composé” do francés. Sobre a translación de *ter + participio* aos textos casteláns por Álvaro Cunqueiro véxase Silva (1993) e por E. Pardo Bazán véxase Varela (1997: 116).

situation in Galician is less clear-cut. It seems to be part-way between Portuguese and Asturian Spanish: the invariant construction indicates only repeated or durative events which continue into the present, as in Portuguese; but the agreeing construction can apparently be used to indicate repeated events continuing into the present, as in Asturian Spanish". Nesta mesma liña de comparación afirma Porto (1972: 14) que *teño dito* "non ten somente un puro sentido terminativo ou perfeutivo como o castelán *he dicho*, senón que engade á acción un matiz reiterativo: a traducción en castelán sería *He dicho* (ou *dije*) *muchas veces*".

Se o verbo *ter* se achar completamente gramaticalizado como verbo auxiliar e o participio estiver inmobilizado en masculino singular, estaremos perante unha PV en que á expresión de perfectividade se acrecenta o valor aspectual reiterativo. Neste sentido, a propósito de *Os papéis que em sua mão tinha depositado* e *Os papéis que em sua mão tinha depositados* afirma Lapa (1979: 233) que na "primeira frase, *tinha depositado* representa-se-nos como um acto simples, em que os dois elementos do verbo están intimamente ligados; *depositado* é um participio sem independéncia, referido ao sujeito: não tem que concordar com o complemento. Na segunda frase, ao contrario, *depositados* já nos aparece exprimindo um estado, com a natureza de um adjetivo, desligado do verbo, submetido por isso à concordânciia com o complemento ao qual se refere". Con moita frecuencia o matiz reiterativo é resaltado e reforzado por outros elementos presentes no texto (*Teño dito moitas veces*). Se o verbo auxiliar vai en infinitivo principalmente, ou tamén en futuro, pospretérito, copretérito ou pretérito de Subxuntivo, o valor da PV pode ficar en puramente perfectivo. Nos textos decimonónicos achamos testemuños do uso adecuado desta PV: *Pro muller, ti non-o ves, / o que co-él teño gastado* (AC 120); *¿Pro éla que demos di / mais do que teño falado?* (AC 126); *Agora deseо saber / en que a eu teño ofendido* (AC 130); *s'eu estuvera onde ela / xalle tiña dado catro* (CPG II, 243).

O dito para *ter + participio* a respecto da inmobilización deste vale tamén con carácter xeral para o resto das PVs perfectivas, como *levar + participio* (*Leva lido trinta páxinas*)<sup>5</sup> ou *dar + participio*, moi característica do galego e tamén do castelán falado na Galiza (Álvarez Cáccamo 1983: 436-437; Rojo 1974: 133); nada nos di este autor sobre a orixe ou antigüidade de *dar + par-*

<sup>5</sup> Véxase Rojo (1974: 132). Neste sentido, Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 412) admiten a existencia de PV ainda en caso de concordancia do verbo auxiliado co CD, encanto que Costa / González / Morán / Rábade (1988: 226) a negan e Santamarina (1974: 164) na práctica tamén como norma xeral. Pola nosa parte, consideramos que, apesar da gramaticalización do auxiliar nalgúns casos, se debe manter o dito para *ter + participio* e, por conseguinte, só falarmos de PV cando non se produce concordancia.

*ticipio*, mais Oro (1991: 79) deixa constancia de que non achou tal PV nos textos medievais examinados por el, talvez debido ao “carácter documental” do corpus, nun estilo legalista “con profusión de fórmulas que se repiten”. Por outra parte, Álvarez / Monteagudo (1994: 18) falan dela como “perífrase *culminativa*, que expresa o termo dun proceso en que se logra realiza-la acción: *non sei se daremos comido todas esas empanadas*”. Só se deben considerar igualmente PVs aquelas en que o participio fica inmobilizado no masculino singular (*Non dá feito as tarefas encomendadas*); mais non cando concorda co CD, se tal construcción for posibel: *Non daba xuntados os cartos; Non deu feitas as tarefas*. Porén, Rojo (1974: 134) e Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 412) si admiten estas construcións como perifrásicas, igual que admiten tamén entre as PVs o caso de *estar + participio*, que non se debe considerar nunca, na nosa opinión, construcción perifrásica por non admitir en ningún caso a posibilidade de inmobilización do participio en masculino singular non concertado, o que vén a indicar a falta de unidade sintáctica na construcción e, en consecuencia, de funcionamento en bloque como unha unidade, necesarios para a existencia de PV: *A nena está esgotada. Como está a nena? Esgotada; A vella vai acabadiña. Como vai a vella? Acabadiña; Os avós ficaron desamparados. Como ficaron os avós? Desamparados; As fillas vironse perdidas. Como se viron? Perdidas;* en todos estes casos o participio pode ser substituído por un adjetivo que funciona como complemento predicativo. Non é, pois, condición suficiente para a existencia dunha PV a perda da significación orixinaria ou básica do primeiro verbo; máis importante é a unidade funcional. Así, afirma Santamarina (1974: 154) que “sólo consideramos, en rigor, perífrasis a aquéllas en que tal inmovilidad [do participio] se haya alcanzado”; e a se referir a *estar + participio* (e tamén a *ser + participio*) di que “no son más que frases atributivas” (p. 157).

Por outra parte, *acabar (rematar, terminar) de + infinitivo* é unha PV que conserva certo paralelismo coa aspectual incoativa *comezar (principiar, empezar) a + infinitivo*: en ambos os casos o verbo auxiliar conserva o seu significado orixinario, ou un valor moi próximo del, mais o complexo verbal funciona unitariamente a indicar unha modalidade de acción, nun caso o seu inicio e no outro o seu final. Isto demostra, máis unha vez, que o esencial das PVs non é tanto a perda do significado orixinario do verbo auxiliar canto o funcionamento semántico e sintáctico unitario (cfr. *Acaba de rematar os exames*). Tamén en *deixar(se) de + infinitivo* o auxiliar conservar en boa medida o seu significado básico sen perder o carácter perifrásico: *Anque paso e non che falo / non deixo de te querer* (CPG II, 166). Canto a *vir de + infinitivo*, construcción paralela coa francesa *venir de + infinitivo*, pode funcionar como un complexo verbal non perifrásico cando o primeiro verbo conserva clara a

noción de movimiento físico en dirección ao suxeito (*Vén de visitar os seus pais*) ou ben pode converterse en PV cando o proceso de gramaticalización de *vir* lle dá ao conxunto o valor de proceso recentemente acabado (*Vén de aprobar unhas oposicións*), aínda que coa posibilidade de conservar certa idea de movimiento nalgún caso. Álvarez Blanco (1994: 30) mostra prevención contra certo tipo de construccóns primadas por “afán de diferencialismo” e cita este caso concreto.

As PVs reiterativas por excelencia en galego son *volver (a) + infinitivo* e *voltar (tornar) a + infinitivo*, onde o auxiliar, como acontece con outras PVs incoativas ou perfectivas, xa contén características semánticas que indican repetición. No caso de *volver a + infinitivo*, apesar de ser esta a súa fórmula xeral de expresión, tanto nos textos literarios como na fala alternan os casos de presenza da preposición de enlace con outros de ausencia da mesma, como se pode ver nestes exemplos do XIX: *volvéu a resucitar* (CPG II, 169); *e vólvese acender* (AMT 113); *héicho de volver á dar* (CPG II, 248). Santamarina (1974: 148) afirma que se pode “usar la perifrasis indistintamente con o sin preposición. Como tendencia general, sin embargo, notamos que se prefiere prescindir de ella cuando el uso no es perifrástico y v.v.”; Rojo (1974: 150), pola súa parte, afirma que a PV se pode dar “con el elemento *a* o sin él”; mais Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 416) só a citan sen preposición. Para *voltar (tornar) a + infinitivo* a presenza do elemento de enlace é polo xeral constante: *sin querer torno a chorar* (CG 65).

A diferenza das PVs terminativas a respecto das perfectivas vén dada pola referencia ao camiño seguido para chegar ao final do proceso. Entre elas temos *chegar a + infinitivo: nunca a medrar chegarán* (AC 128); *en tí a chego a conocer* (AC 133); *vir a + infinitivo*, onde ocasionalmente pode desaparecer a preposición de enlace: *cáxeque todo vén a ser o mesmo* (AMT 3); *acabar (rematar, terminar) por + infinitivo* (ou con xerundio como verbo auxiliado): *cantos bailaban sorrindo / acababan por chorar* (AMT 61).

#### 4. As perifrases modais

Así como as PVs aspectuais van referidas ao proceso da acción en si mesmo, as modais relaciónanse con este de maneira indirecta mediante unha modificación conceptual exterior ao mesmo proceso, con matizáns de obligatoriedade ou de posibilidade logradas por medio de recursos morfolóxicos. Isto é, as PVs modais expresan unha modalidade da acción mediante construccóns paraconxugacionais que indican a actitude do emisor perante esa mesma acción, que pode ser de obligatoriedade (ou necesidade) e de hipótese ou posibilidade. Así pois, teremos PVs modais obligativas e hipotéticas.

Entre as primeiras está *haber (de) + infinitivo*, que tamén pode ter valor temporal prospectivo, resultando en ocasións difícil a distinción entre ambos: *Non has de ser mal pensado* (AC 126); *que has d'ir a San Pedro Mártil, / mais que bois e vacas venda...* (FN 82). Un caso especial constitúeo *ter de + infinitivo*, que hoxe é xeralmente substituída na fala pola fórmula *ter que + infinitivo*, con que compartilla os valores (Rojo 1974: 160); porén, en Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986: 407) estabelécese unha distinción de matiz non fácil de perceber, pois dise que *ter que + infinitivo* “expresa un deber xeral”, entanto que *ter de + infinitivo* indica “unha acción de cumprimento obrigatorio pendente”; en ambos os traballos se resalta o carácter literario da construcción con *de* e para Costa / González / Morán / Rábade (1988: 226) “*Ter de e Ter que* son sinónimas; a construcción con *de* é máis habitual nos rexitos formais da lingua”. O seu uso debeu ser moi alto en tempos pasados, pois así nolo demostra a presenza frecuente en textos decimonónicos de extracción popular, inclusive nos que denotan a hibridación lingüística: *temos d'ir á romaría* (CPG II, 229); *Teño d'aprender á xastre* (CPG II, 233); *qu'estas son as mazarocas / qu'hoxe teño de fiar* (CPG II, 283); *Teño d'ir ó Conde Santo, / que ch'está en Vilanova, / teño de traer d'alí / encaixes d'a moda nova* (CPG II, 292); *teño de seguir adiante* (CPG III, 10); *Tanto teño d'ir e vir, / meniña, ô teu lugar; / tanto teño d'ir e vir / que d'unha t'hei de levar* (CPG III, 21).

Actualmente ten a maior vitalidade nos textos literarios, feito que, unido ao vigor en épocas pasadas e á continuidade de uso no portugués actual, parece aconsellar a súa revitalización e potenciación cando menos no modelo culto de lingua hoxe en proceso de conformación. Opinión distinta é a de Álvarez Blanco (1994: 30), quen, tras constatar que *ter que facer* “nalgún momento do idioma competiu, en galego e en portugués, con *ter de facer*, construcción moito más infrecuente e que non alcanzou entre nós o grao de grammaticalización que ten a outra”, mostra a súa contrariedade porque a *ter de + infinitivo* lle nacesen “algúns valedores que a usan arreo na lingua escrita, erroneamente, en lugar de *ter que facer*” e nega o seu carácter de PV: “Fóra dese uso perifrástico abusivo, e más ben propio da lingua literaria, actualmente a construcción *ter de facer* (non perifrásica, coma *ter por facer, ter sen facer...*) serve para indicar que o suxeito *ten* aínda un feito de necesario cumprimento pendente: *Inda teño de face-las camas (por facer, sen facer)*”, ideas reiteradas en Álvarez / Monteagudo (1994: 17). Isto último non nos convence, pois tamén en *Teño que facer as camas* está incluído o significado de *Teño as camas por (sen) facer* sen iso significar que as dúas construcións sexan equivalentes e portanto non nos parece de nengunha maneira equiparábel *ter de facer a ter por facer ou sen facer*; nen tampouco podemos estar de acordo en que *ter de facer* fose anteriormente “moito más infrecuente”, pois, aínda

sen o termos cuantificado, da leitura dos textos do galego medio e do Rexurdimento, boa parte deles do ámbito do galego popular, tiramos a impresión de a fórmula *ter de + infinitivo* posuér un amplísimo uso como PV obligativa, uso que se pon de manifesto, por exemplo, no cancionero popular e tamén nos textos galegos trasladados para o castelán. A modo de exemplo citemos só un vilancico anónimo de 1646: *¡Ai!, pois que cheguei a velo, / a el le tengo de cantar / unas cantigas galegas / para o poder alegrar* (Freixeiro 1996: 72). O mesmo Saco (1868: 180-181), apesar de afirmar que a construcción só se utiliza na primeira persoa do presente de Indicativo igual que en castelán, cando ten de procurar un exemplo de *ter que + infinitivo* cita este cantar popular: *Veña o pandeiro á ruar, / qu'estas son as mazarocas / qu'hoxe teño de fiar.* García / Díaz (1991: 59), pola súa parte, recóllela como PV que expresa o matiz de “acción por cumplir, de acción de cumplimento obligatorio pendente”. Aínda convén acrecentarmos que o uso de *que* como elemento de enlace no portugués (*ter que* por *ter de*) se podería considerar unha influencia castelá; téñase en conta que a gramática de Figueiredo (1916: 86) falaba a principios do século XX da conxugación perfifrástica con *ter* ou *haver* como verbos auxiliares: *eu tenho ou hei de louvar, tu tens ou hás de louvar; eu tinha ou havia de louvar;* etc. O predominio actual de *ter que + infinitivo* en galego, pois, non debe ser alleo á interferencia ou presión do castelán, que tamén pode afectar o portugués, se ben no galego decimonónico xa tiña unha notábel presenza: *déixeme entrar pol-a porta / que teño qu'ir ó tellado [...]; si me tiras e me das / tes que pagar o derramo* (CPG II, 261). Hai casos en que *ter que + infinitivo* non constitúe propriamente PV, como se pode ver neste exemplo: *Muito que contar che teño, / miña carrapucheariña* (AGG 34).

Temos tamén exemplos de *deber + infinitivo* como PV obligativa no século XIX: *O que debe rifar e sempre cala / alcaíoto se chama nesta terra, / e quen a mata así debe pagala* (AGG 54); *Debo dar gusto a meu pai* (AC 127). Non é raro acharmos exemplos onde a PV obligativa *deber + infinitivo* e a hipotética *deber de + infinitivo* apresentan os seus valores cruzados: *¡todo ch'é ún, miña filla, / non debes de reparar!* (CPG II, 183). Na realidade xa na lingua medieval se dabán as dúas posibilidades (*devia fazer* e *devia de fazer*), xunto a unha terceira con *a* como elemento de enlace (*devia a fazer*), hoxe desaparecida; actualmente estas dúas posibilidades conviven, presentando unha frecuencia de uso similar (Rojo 1974: 162), aínda que no modelo culto de lingua talvez semelle conveniente distinguirmos *deber + infinitivo* como obligativa e *deber de + infinitivo* como hipotética.

A construcción *poder + infinitivo* constituirá unha PV modal hipotética só cando, a expresar probabilidade de a acción se levar a cabo, se puder substituír por un adverbio de dúbida seguido do segundo verbo en Subxuntivo

(*Poden ser as doce = Talvez sexan as doce; Pode ter vinte anos = Talvez teña vinte anos*), se ben nun sentido máis amplio tamén se adoitan considerar como tais (Oro 1991: 71, Alarcos 1998: 261-262). A fórmula *haber + infinitivo*, segundo se viu con anterioridade, pode conformar unha PV de carácter temporal e tamén modal obrigatoria; mais pode posuír así mesmo valor hipotético, quizá derivado do de futuridade, pois entre os valores do futuro dos verbos está o de expresaren dúbida ou posibilidade: *Terá doce anos = Ha ter doce anos; Serán as dez = Han ser as dez*. Non sempre resulta totalmente clara a separación destes valores, por veces confundidos entre si. Neste caso a PV non leva por norma a preposición de enlace *de* que pode levar cos outros valores.

## 5. Conclusión

O galego, por posuír un sistema conxugacional relativamente simplificado e sinxelo, desenvolveu en compensación un rico repertorio perifrástico que converte as PVs en elementos lingüísticos de primeira orde dentro do sistema verbal e ao mesmo tempo en recursos de combinación estilística con grande potencialidade expresiva e moita frecuencia de uso tanto na lingua oral como escrita, desprazando por veces as formas conxugacionais normais a posicións subalternas. Esta vitalidade do sistema perifrástico do galego estaba xa plenamente operativa no século XIX, onde se documentan praticamente todas as PVs vixentes na lingua actual, como deixan translucir os textos literarios da época, tanto populares como cultos.

Tamén eses textos deixan ver xa naquela altura a presenza ameazadora do castelán como lingua que estaba (e está) a interferir todo o sistema lingüístico do galego e, por tanto, tamén o seu sistema perifrástico, facéndose áinda hoxe necesaria certa intervención desde o modelo culto de lingua en proceso de construcción para dessa forma evitarmos un maior afastamento do tronco común galego-portugués e un acrecentamento da perigosa aproximación do castelán, que podería acabar por pór en perigo a propia existencia do galego como lingua diferenciada.

## REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AC = FANDIÑO, A. B. – *A casamenteira*. Ourense, Linteo, 2000 [1849].  
AGG = PINTOS, X. M. – *A gaita gallega*. Pontevedra, Imp. de José y Primitivo Vilas, 1853.  
ALARCOS LLORACH, E. (1998) – *Gramática de la lengua española*. Madrid, Espasa Calpe.  
ÁLVAREZ BLANCO, R. (1994) – “Gramática descriptiva e gramática prescritiva”. *Cadernos de Lingua*, 10, 19-35.

- ÁLVAREZ BLANCO, R. / H. Monteagudo Romero (1994) – “Galeisch: Interne Sprachgeschichte I. Grammatik / Evolución lingüística interna I. Gramática”, in G. Hostus / M. Metzeltin / C. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Vol. 6, 2: *Galeisch, Portugiesisch / Gallego, Português*. Tübingen, Max Niemeyer Verlag, 1-21.
- ÁLVAREZ BLANCO, R. / X. L. Regueira / H. Monteagudo (1986) – *Gramática Galega*. Vigo, Galaxia.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, C. (1983) – “A influencia do galego sobre o sistema verbal e no uso de certas perifrases verbais do castelán de Galiza”. *Grial*, 82, 423-442.
- AMT = CURROS ENRÍQUEZ, M. – *Aires d'a miña terra*. Coruña, Latorre y Martínez Editores, 1886<sup>3</sup>.
- BARROSO, H. (1994) – *O Aspecto Verbal Perifrástico em Português Contemporâneo. Visão funcional/sincrónica*. Porto, Porto Editora.
- CÂMARA, Jr., J. Mattoso (1989) – *Princípios de Lingüística Geral*. Rio de Janeiro, Padrão.
- CARBALLO CALERO, R. (1979<sup>7</sup>) – *Gramática elemental del gallego común*. Vigo, Galaxia.
- CG = CASTRO, Rosalía de – *Cantares gallegos*. Edición de A. Pociña e A. López. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1992 [1863].
- COM = MIRÁS, F. – *Compendio de gramática gallega-castellana*. Santiago, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás, 1864.
- COSTA CASAS, X. X. / A. González Refoxo / C. C. Morán Fraga / X. C. Rábade Castiñeira (1988) – *Nova gramática para a aprendizaxe da língua*. A Coruña, Vía Láctea.
- CPG = PÉREZ BALLESTEROS, J. – *Cancionero popular gallego* (I, II e III). Librería de Fernando Fé, 1885-1886.
- FERNÁNDEZ REI, F. (1991<sup>2</sup>) – *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo, Xerais.
- FERREIRO, M. (1999<sup>4</sup>) – *Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe*. Santiago de Compostela, Laioveneto.
- FIGUEIREDO, C. de (1916) – *Gramática Sintética da Língua Portuguesa*. Lisboa, Livraria Clásica Editora de A. M. Teixeira.
- FN = CASTRO, Rosalía de – *Follas novas*. Habana, La Propaganda Literaria, 1880.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000a) – *Gramática da Lingua Galega II. Morfosintaxe*. Vigo, A Nosa Terra.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2000b) – “Sobre o infinitivo xerundial galego-portugués”, in J. M. Carrasco González / M. J. Fernández García / M. L. T. Madeira Leal (eds.): *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera – 1º Encuentro de Lusitanistas Españoles* (Cáceres, 10, 11 y 12 de noviembre de 1999). Vol. 2. Cáceres, Universidade de Extremadura, 937-965.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (ed.) (1996) – *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía*. Vigo, AS-PG / A Nosa Terra.
- GARCÍA CANCELA, X. / Díaz Abraira, C. L. (1991) – *Manual de linguaxe administrativa*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- GARCÍA DE LA TORRE, X. M. (1987) – “O elemento galego na obra de Valle-Inclán. Unha construcción característica: a + infinitivo con valor de xerundio”. *Grial*, 98, 395-402.
- HARRE, C. E. (1991) – *Tener + Past Participle. A case study in linguistic description*. London, Routledge.
- HERMIDA, C. (1998) – “Algúrnhas consideracións sobre o galego da prensa. A morfosintaxe”, in D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vol. 2. Vigo, Galaxia, 615-631.
- LAPA, M. Rodrigues (1979<sup>10</sup>) – *Estilística da Língua Portuguesa*. Coimbra, Coimbra Editora.
- LUGRÍS FREIRE, M. (1931<sup>2</sup>) – *Gramática do idioma galego*. A Crux, Imprenta Moret.

- MA = VALLADARES NÚÑEZ, M. – *Maxina ou a filla espúrea*. A Coruña, Vía Láctea, 1987 [1880].
- NOIA CAMPOS, M. C. (1998) – “Consideracións sobre o aspecto verbal perfectivo na traducción galega do ‘passé simple’ e do ‘passé composé’”, in D. Kremer (ed.): *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vol. 2. Vigo, Galaxia, 823-841.
- ORO, C. (1991) – “La perifrasis verbal gallega según la colección diplomática de Santo Domingo de Viveiro (Siglos XIV y XV)”, in A. Carreño (coord. e ed.): *Actas do Segundo Congreso de Estudios Galegos (Providence, 1988). Homenaxe a José Amor y Vázquez*. Vigo, Galaxia, 69-80.
- PONTES, E. (1973) – *Verbos auxiliares em português*. Petrópolis, Vozes.
- PORTO DAPENA, X. A. (1972) – “Encol da estructura do verbo galego”. *Grial*, 35, 13-28.
- QP = PONDAL, E. – *Queixumes dos pinos*. Edición de M. Ferreiro. Santiago de Compostela, Sotelo Blanco, 1995 [1886].
- ROJO, G. (1974) – *Perífrasis verbales en el gallego actual*. Anexo 2 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- SACO ARCE, J. A. (1868) – *Gramática gallega*. Lugo, Imprenta de Soto Freire.
- SANTAMARINA, A. (1974) – *El verbo gallego*. Anexo 4 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- SILVA DOMÍNGUEZ, C. (1993) – “Trazos lingüísticos galegos na prosa en castelán de Álvaro Cunqueiro”, in Álvaro Cunqueiro. *Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- VALLADARES, M. (1970) – *Elementos de gramática gallega*. Vigo, Galaxia.
- VARELA CABEZAS, R. (1997) – “Galeguismos en *La madre naturaleza*, de Emilia Pardo Bazán”. *Cadernos de Lingua*, 16, 103-129.
- VÁZQUEZ CUESTA, P. / M. A. Mendes da Luz (1971<sup>3</sup>) – *Gramática portuguesa* (I e II). Madrid, Gredos.
- VOLPATO, A. / I. S. Pires Pereira (1997) – “A construção progressiva em Português: considerações histórico-semânticas”, in I. Castro (ed.): *Actas do XII Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Vol. 2. Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 341-346.

